

## RESOLUCIÓN XERENCIAL DO 16 DE MARZO DE 2010 POLA QUE SE ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PRENDAS DE TRABALLO CORRESPONDENTE O ANO 2010

O artigo 42 do II Convenio colectivo do persoal laboral da Universidade de Vigo establece que a Universidade de Vigo proporcionará anualmente aos traballadores determinadas prendas de traballo segundo as diferentes categorías e actividades que realicen. Por outra banda, existe un procedemento de equipos de protección individual (EPI): xestión e utilización (PPRL 02-09), do Servizo de Prevención de Riscos laborais aprobado polo Comité de Seguridade e Saúde na súa reunión do 28 de setembro de 2009. Dado que parte do material solicitado como roupa de traballo é un EPI, en Xuño de 2009 por acordo entre a xerencia e os representantes de persoal concretouse o material previsto no Convenio Colectivo.

Tendo en conta o anterior, se subministrará a roupa de traballo solicitada conforme ao convenio, agás a que sexa equipo de protección individual que se facilitará seguindo o procedemento PPRL 02-09 de equipos de protección individual.

Así mesmo, co obxecto de dispoñer de roupa nos centros para calquera imprevisto, inclúese a posibilidade de que os administradoras/es soliciten prendas con ese obxecto.

Tamén inclúese como requisito, que a solicitude veña informada polos responsables no senso de acreditar que os solicitantes veñen utilizando habitualmente a roupa solicitada.

### **ESTA XERENCIA RESOLVE:**

**Primeiro:** Abrir un prazo dun mes para que o persoal laboral poida presentar as súas solicitudes de prendas de traballo segundo o modelo oficial que figura no Anexo I, de conformidade co artigo 42 do Convenio Colectivo.

**Segundo:** Os/as interesados/as deberán presentar as súas solicitudes, dirixidas ao Servizo de Retribucións e Servizos Xerais, no rexistro xeral ou auxiliares desta Universidade ou por calquera dos medios aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, debidamente conformadas polo/a administrador/a ou responsable de área ou oficina correspondente.

**Terceiro:** Os responsables anteriores poderán solicitar a adquisición dun número de prendas para telos en stock con obxecto de poder utilizalas en caso de imprevistos ou por incorporación de persoal temporal.

Vigo, 16 de marzo de 2010  
A Xerente

Ana Fernández Pulpeiro

SRES/AS XEFES DE SERVIZO  
SR DIRECTOR DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA  
SRES/AS ADMINISTRADORES DE CENTRO  
SRES/AS. RESPONSABLES DAS UNIDADES DE INFORMACIÓN  
TABOLEIROS DE ANUNCIOS DO REXISTRO XERAL E AUXILIARES

ANEXO I

## *SOLICITUDE DE ROUPA DE TRABALLO*

CONSONTE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 47 DO CONVENIO COLECTIVO, O/A QUE SUSCRIBE, DO QUE SE EXPRESAN A CONTINUACIÓN DATOS PERSOAIS E PROFESIONAIS, SOLICITA A CONCESIÓN DAS PRENDAS DE TRABALLO QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONAN:

1.- Datos persoais e profesionais

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
DNI:	Teléfono /endereço electrónico:	
Situación Administrativa		
Destino actual:	Posto de traballo:	

Prendas que solicita:


En ..... , ..... de ..... de 2010  
(sinatura do interesado)

Vº e Prace  
O/A Administrador/a, Responsable ou Director de área ou oficina

SRA. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO